



# 8 de Marzo

## Mulleres traballadoras precarizadas polos gobernos

O próximo 8 de Marzo, Día Internacional da Muller Traballadora, a CIG sairá á rúa para sinalar a responsabilidade directa dos gobernos no mantemento das desigualdades e a precariedade que padecemos as mulleres.

“Tras varios anos de reformas supostamente progresistas, que nos venden como ferramentas útiles para acadarmos a igualdade, podemos concluir que a precariedade segue tendo cara de muller”, sinala a secretaria confederal das Mulleres da CIG, Nicolasa Castro.

Crítica que durante a pandemia non se aproveitou para reforzar os servizos públicos de atención ás persoas, nin para valorizar os oficios relacionados co coidado, claramente feminizados. Nunca foi tan evidente, apunta, “o enorme valor que este tipo de traballos teñen e a necesidade de que deixen de ser un negocio en mans de empresas privadas que fan cartos grazas á explotación laboral de moitas mulleres”.

### Máis de 20 mobilizacións

A este respecto, Castro salienta que durante os últimos anos de paros parciais e folgas laborais de mulleres, de folgas de mulleres estudantes, de consumo e de coidados, “non todas as mulleres puideron exercer o seu dereito á folga e parar, mais o que si conseguimos foi pór no centro do debate social os problemas que temos as galegas e cales son as propostas do feminismo de clase para os solucionar”.

Este ano, atendendo ao debatido e acordado no IX Encontro Nacional de Mulleres, a CIG conmemora o 8 de Marzo interpelando directamente os gobernos, institucións e empresas,

**MULLERES TRABALLADORAS PRECARIZADAS POLOS GOBERNOS**

Un ano máis de silencio institucional “organizado” que nos vende como ferramentas útiles para acadarmos a igualdade, podemos concluir que a precariedade segue tendo cara de muller.

**Unha reforma laboral precariza máis máis ás mulleres**

- Aumento do uso de contratos temporais e de duración determinada.
- Aumento do uso de contratos de duración determinada para o sector público.
- Aumento do uso de contratos de duración determinada para o sector privado.
- Aumento do uso de contratos de duración determinada para o sector público.
- Aumento do uso de contratos de duración determinada para o sector privado.
- Aumento do uso de contratos de duración determinada para o sector público.
- Aumento do uso de contratos de duración determinada para o sector privado.

**As mulleres cobramos menos ca os homes**

- A igualdade salarial non se conseguiu.
- A igualdade salarial non se conseguiu.
- A igualdade salarial non se conseguiu.
- A igualdade salarial non se conseguiu.
- A igualdade salarial non se conseguiu.
- A igualdade salarial non se conseguiu.
- A igualdade salarial non se conseguiu.

**Os dereitos de conciliación son coxe inexistentes**

- A conciliación de vida e traballo non se conseguiu.
- A conciliación de vida e traballo non se conseguiu.
- A conciliación de vida e traballo non se conseguiu.
- A conciliación de vida e traballo non se conseguiu.
- A conciliación de vida e traballo non se conseguiu.
- A conciliación de vida e traballo non se conseguiu.
- A conciliación de vida e traballo non se conseguiu.

**Os traballos feminizados son un nicho de mercado precario e desvalorizado**

- Os traballos feminizados son un nicho de mercado precario e desvalorizado.
- Os traballos feminizados son un nicho de mercado precario e desvalorizado.
- Os traballos feminizados son un nicho de mercado precario e desvalorizado.
- Os traballos feminizados son un nicho de mercado precario e desvalorizado.
- Os traballos feminizados son un nicho de mercado precario e desvalorizado.
- Os traballos feminizados son un nicho de mercado precario e desvalorizado.
- Os traballos feminizados son un nicho de mercado precario e desvalorizado.

**Mobilizámonos contra quen ten a responsabilidade de garantir os nosos dereitos. Exiximos que esta situación de desigualdade remate xa!**

Secretaría das Mulleres

coa convocatoria de máis de 20 manifestacións e concentracións por todo o país. “Mobilizámonos contra quen ten a responsabilidade de garantir os nosos dereitos e para esixir que esta situación de desigualdade remate xa”, asevera a secretaria confederal.

### Peores condicións

Fronte á propaganda dos gobernos, Castro lembra que as mulleres continuamos a ter condicións de traballo máis precarias, soportando taxas de temporalidade máis elevadas (do 26,8% fronte ao 22,2% dos homes), máis contratos a tempo parcial (23,4% fronte o 6%) e maior desemprego.

O ano pasado houbo 75.400 mulleres desempregadas, sen contar as miles que tiveron que abandonar o mercado de traballo para dedicarse ao traballo no fogar. Neste punto, Castro denuncia que os dereitos de conciliación continúan a ser “case

inexistentes” e na maioría dos casos sen máis opción que reducir a xornada e, polo tanto, o salario.

Pero as mulleres tamén seguimos a cobrar menos que os homes. A fenda salarial é do 19% e acada o 31.4% na rama de actividade que engloba servizos persoais e de lecer, cunha taxa de feminización de case o 60%. “Terán que pasar 300 anos para conseguirmos os mesmos salarios que os homes”, advirte. A isto engádese que os traballos feminizados son un nicho de mercado precario e desvalorizado, e no caso das traballadoras do fogar mesmo despoñidas de protección social.

Todo isto ten consecuencia directa á hora de acceder a unha pensión digna: a contía media que perciben as galegas é de 678€ fronte aos 1043€ de media dun galego, situándose a fenda das pensións no 35%. Unha desigualdade que se incrementará coa ampliación dos anos de vida laboral para calcular as contías.

Por iso, a responsábel das Mulleres da CIG fai un chamado tamén a levar a conflictividade á negociación dos plans de igualdade, do mesmo xeito que se leva ao convenio colectivo, xa que estes teñen que ser unha oportunidade real para mellorar as condicións e corrixir as discriminacións entre homes e mulleres, nomeadamente no ámbito retributivo.

Neste contexto, a nova reforma laboral consolida a precariedade mantendo o despedimento case de balde, a desregularización da xornada e as dificultades para escoller o horario das reducións, incorporando novos contratos de formación e temporais que impiden a estabilidade e un novo contrato fixo-descontinuo en sectores moi feminizados.

# A ofensiva contra a nova reforma laboral continúa na negociación colectiva

O debate no Congreso dos Deputados e Deputadas puxo de manifesto de forma clara as razóns da CIG ante a fraude da nova reforma laboral aprobada o pasado 3 de febreiro. A lexislación, saída dun acordo entre o Goberno, a patronal e os sindicatos españois nun marco tan antidemocrático como o diálogo social, non derroga as reformas laborais de 2010 e 2012, consolidando os aspectos máis lesivos do decretazo imposto polo PP e non permitindo polo tanto recuperar e avanzar en novos dereitos.

Esta reforma entra en vigor, ademais, nun momento de grave crise e medre da carestía da vida polos baixos salarios os altos prezos en produtos e bens básicos. Ante esta situación, a resposta e combate á reforma laboral débemola levar aos centros de traballo e á negociación colectiva, que se ten demostrado como unha ferramenta fundamental na mellora das condicións laborais e de vida da clase traballadora.

Pero a reforma do goberno autodenominado máis progresista da historia tamén reforza a centralización de negociación colectiva, consolidando a prevalencia do convenio de ámbito estatal, sobre o provincial ou autonómico, e negándonos os marcos propios de relacións laborais.

Por iso, a partir de agora o que toca é loitar día a día para tentar desmontar a reforma a través da negociación colectiva e coa forza da mobilización, pelexando para recuperar o dereito a negociar os nosos convenios colectivos aquí e non en Madrid, como temos reivindicado en tantas ocasións.

Porque, fronte á negociación de cúpulas afastada dos centros de traballo, é no ámbito máis próximo onde os traballadores e as traballadoras teñen o protagonismo directo, a posibilidade de intervir en cada un dos momentos da negociación e maior capacidade de presionar a través da mobilización e a organización.



## O despropósito do convenio da conserva: Negociar en Madrid as condicións dun sector estratéxico para Galiza

Exemplo desta desconexión absoluta que supón a negociación estatalizada é o convenio da conserva, sector no que aínda que o 80% dos centros de traballo e a da actividade se desenvolve en Galiza, o marco regulador de referencia é estatal. Por iso unha das reivindicacións históricas da CIG é conseguir un convenio galego da conserva de peixe.

A CIG foi a primeira central que convocou mobilizacións no sector ante as pretensións da patronal de recortar dereitos e perpetuar a fenda salarial que existe nunha actividade na que a maioría dos cadros de persoal están integrados por mulleres. A disposición das traballadoras e dos traballadores a pelexar por un convenio digno levou á convocatoria de tres días de folga en xaneiro e febreiro.

O seguimento dos paros foi medrando en cada unha das xornadas nunha contundente resposta á actitude patronal, que tentou presionar anulando primeiro a reunión do convenio e despois rachando a mesa de negociación.

O éxito das folgas, que paralizou a actividade nas principais empresas da industria conserveira galega, e das mobilizacións realizadas en vilas como Vigo, Vilagarcía, Boiro ou Vi-

veiro, evidencia que as traballadoras e os traballadores non cesarán na loita por un convenio que garanta o poder adquisitivo, que supoña “dunha vez por todas” a igualdade retributiva de homes e mulleres e no que a fenda salarial “pase a formar parte da historia”.

Un convenio que recolla, ademais, as garantías legais para que o establecemento da quenda de fin de semana “en ningún caso, absolutamente en ningún caso” supoña a modificación das actuais persoas traballadoras do sector e que sirva exclusivamente para a creación de emprego a través das empresas e non das ETT.

Despois destas tres xornadas de folga, a representación social reitera a dispoñibilidade para continuar co proceso de negociación do convenio canto antes, “pero tamén dende aquí dicimos alto e claro que a nosa disposición a negociar non implica vender os dereitos das persoas afectadas polo convenio das conservas de peixe”.

Por iso, dende a FGAMT-CIG xa adiantaron que a loita non rematou “e non rematará até conseguirmos un convenio digno para as persoas traballadoras do sector da conserva”.



# O persoal de Leche Celta de Pontedeume, en loita Por un convenio de empresa para rachar o marco estatal

Aínda que poida semellar paradoxal, os traballadores e as traballadoras da planta de Leche Celta en Pontedeume iniciaron unha loita en 2017 para acadar un convenio colectivo de empresa, como vía para rachar coa negociación de ámbito estatal do convenio de industrias lácteas e traer a negociación ao centro de traballo. Daquela tiveron que desenvolver varias xornadas de folga para chegar a un acordo que melloraba substancialmente os salarios e as condicións sociais recollidas no convenio sectorial.

Neste 2021, tiveron que volver á loita contra as pretensións da empresa de establecer un sistema retributivo inxusto e arbitrario, que penaliza a quen enferma ou colle un permiso e que liga os incrementos salariais a cuestións como a produtividade, que escapan ao control do persoal afectado.

O pasado 10 de xaneiro iniciaron un calendario de paros laborais que



se intensificou coa convocatoria de folga parcial indefinida dende o luns 31 de xaneiro, en resposta ao inmovilismo patronal. Malia as prácticas de esquirolaxe da empresa, desviando produción a outras plantas e os intentos de intimidación, a folga é un éxito, rexistrando un seguimento do 100% en cada unha das quendas laborais. E as demandas tamén son claras: “un incremento económico que manteña

o poder adquisitivo dos salarios, deteriorados pola inflación, e avances nas melloras sociais conseguidas durante estes anos”, sinala a presidenta do comité, María Xosé Vizoso (CIG).

Á espera do que pase na mediación aberta a instancias da empresa, o persoal ten a firme disposición de manter a loita até conseguir un convenio que supoña un avance real nas condicións laborais e salariais.

## Convenios dignos no metal e nos centros de chamadas

A conflitividade na negociación colectiva está nun punto de especial efervescencia en Galiza e atinxe a sectores moi dispares. Que o nivel de conflitividade sexa maior que noutros territorios non se pode separar do feito da CIG ser a primeira forza sindical.

Na provincia da Coruña, despois de dous anos de negociacións infrutuosas e ante as pretensións da patronal de resolver o convenio de siderometal cunha suba salarial que non garante o poder adquisitivo e sen recoller ningunha das reivindicacións da plataforma sindical para rematar coa precariedade, a CIG iniciou o pasado mes de xaneiro mobilizacións por un convenio digno.

Máis dun milleiro de persoas participaron na primeira manifestación na Coruña para denunciar as manobras da patronal que pretende recortar os dereitos recollidos no convenio,

“intentando trasladar ao texto os aspectos máis lesivos da reforma laboral de 2012, que foron ratificados pola reforma de 2021”.

A CIG-Industria advirte que a patronal quixo bloquear as reunións da mesa do convenio, “facendo unha interpretación malintencionada e trapalleira da nova lexislación laboral, querendo abocarnos a unha mediación e frear desta maneira as mobilizacións do sector”. Pero non o conseguiron e atrás desta virán outras.

No sector dos centros de chamadas tamén levan dous anos negociando o convenio, neste caso de ámbito estatal e cunhas condicións nas que a precariedade parece enquistarse e que patronal quere consolidar. Fronte a isto, e ante a falta de resposta do resto de sindicatos con presenza na mesa, a CIG-Banca iniciou un calendario de mobilizacións en Galiza nas cidades onde están as

principais plataformas: Vigo, A Coruña, Ourense, Lugo e Santiago.

A negociación está totalmente estancada, mentres os soldos dos traballadores e das traballadoras permanecen conxelados. A CIG calcula que os cartos perdidos polo persoal en 11 anos a causa das cativas condicións do convenio ascenden a máis de 10.000 euros, nun sector “no que os salarios están a piques de ser superados polo SMI”.

A precariedade non afecta só as retribucións, senón tamén ás elevadísimas taxas de temporalidade, ás dificultades para conciliar, á clasificación profesional inadecuada e obsoleta, á distribución irregular da xornada ou a que boa parte dos contratos son a tempo parcial. A isto, habería que sumarlle os gastos xerados polo teletraballo, imposto ás presas polas empresas ao inicio da pandemia sen garantir ningún dereito.

# O Parlamento debate a creación dun sistema público de atención ás persoas

## Trátase dunha proposta non de lei da CIG

A Proposta Non de Lei de Iniciativa Popular promovida pola CIG pola que se insta á Xunta de Galiza á creación dun sistema público galego de atención ás persoas chega a debate do Pleno do Parlamento nos primeiros días de febreiro.

Para avalar esta proposta, a CIG presentou un total de 15.199 sinaturas, seis veces máis das necesarias, o que constata a preocupación das galegas e galegos por contar cun sistema público de cuidados no que se garanta unha prestación integral dos servizos para unha poboación cada vez máis avellentada e cunhas condicións laborais dignas para as persoas que as prestan.

A posta en marcha desta rede 100% pública que englobe todos

os servizos existentes na actualidade depende de que haxa vontade política para poñer fin ás políticas de privatización dos servizos públicos e para recoñecer o labor social e dignificar as condicións de traballo neste sector.

Resulta intolerábel que na atención dos servizos básicos para a cidadanía, o persoal, maioritariamente mulleres, estea padecendo unhas condicións de auténtica precariedade e explotación, mentres as empresas privadas obteñen millonarios beneficios á conta das persoas máis vulnerábeis. Tal e caso das residencias privadas, cun convenio sen actualizar dende 2018 e no que a patronal presenta unha proposta irrisoria.

Ou aínda máis sangrante, o convenio galego de axuda no fogar, cadu-

cado dende 2012 e sen poder actualizarse porque a patronal se dissolveu, crendo que así deixaba sen efecto o marco regulador autonómico. Algo que non ocorreu, pero que condena as traballadoras a teren unhas condicións de miseria e ademais conxeladas.

A CIG leva anos tentando que a patronal se organice para poder constituír a mesa de negociación, mais ante a negativa do empresariado, a central xa se dirixiu á CEG para instala-la a que asuma a negociación deste convenio. De xeito paralelo, a CIG iniciou un calendario de mobilizacións no sector para forzar a negociación e poder avanzar na dignificación das condicións laborais e salariais destas traballadoras.



## Proseguen as mobilizacións contra a nova reforma que consolida os recortes nas pensións

A CIG continúa coas mobilizacións mensuais para esixir a derogación das reformas das pensións de 2011 e 2013 e denunciar a fraude que supón a última reforma aprobada polo Goberno español de PSOE e Unidas Podemos en 2021 (outra volta co aval de CCOO e UGT), xa que non garante o mantemento do poder adquisitivo das pensións.

Malia toda a propaganda, a nova lexislación consolida os aspectos máis

lesivos das reformas previas, posto que mantén o atraso na idade de xubilación aos 67 anos, a ampliación do período de cálculo aos 25 anos –avanzando incluso a posibilidade de estendelo até os 35–, non se recupera o dereito á xubilación a tempo parcial e segue penalizándose a xubilación anticipada.

Pretendendo vender como un avance a recuperación da revalorización das pensións co IPC, que se

aplica sobre o IPC medio e non sobre o acumulado. “Isto supón que este ano perderemos un 4% do noso poder adquisitivo, xa que as pensións só soben un 2,5%, mentres que a inflación se situou nun 6,5%”, denuncia o Colectivo de xubilados/as e pensionistas da CIG que xa advertiu que seguirá coas mobilizacións mensuais en defensa duns sistema público de pensións digno e garantido.